Galín Fiesta de exaltación de la Comarca y Feria del Cocido — *El domingo día 6*

O MUIÑEIRO DE DEZA

ESCEA COMICA, ORIXINAL DE VARELA BUXAN

O día siguinte da "Feira do Cocido", de Lalín, xa famosa pola súa fermosura e farturanza, o Muiñeiro diste xeito parolaba con Manoela no porta do muiño.

MANOELA.—A ver, Muiñeiro, a ver se me poideras moer iste foiecniño de grau, anda; teño os porquiños adoecidos de fame e non vexo qué meterlles boca.

MUIÑEIRO.—Boeno, Manoela, boeno... Xa sei que tudos queredes a farifia decontado, i eu compracervos a tudos quero. Máis compre ter un bocadiño de paciencia e saber agardar que un grauciño detras doutro, e tudos iles abancados pola tanxedoira, vaian saíndo da moega i escorregando pola cangalleira delea caír no burato da soborella pra seren esmagados antre o pé i a moa e saíren trocados en farifia. Por outra banda, o Muiñeiro fólgase de ter a carón de sí xentes coas que parolar polo día adiante, que pra estar solfio... ¡abóndalle ben a noite!...

MANOELA.—Estás cerrado de razón, home, estás; pero os porquiños... non han de opinar coma nós: queren comer.

MUIÑEIRO.—¡Boh!, os porcos, ademáis de sabrosos, son dóciles e saben agardar.

MANOELA.—En canto ao demáis..., non sei cómo non tes medo pra durmires solfio no muiño...

MUIÑEIRO.—Medo, o que se di medo, non teño, muller. Máis, boeno, o que me aconteceo na noite de noutronte..., produz arrepios ao home máis valente: ¡moéronme os ceos!

MANOELA.—¡Asús!... ¿Cecáis algún rillote que veu a roubarche farifia pra faguer unhas papas?

MUIÑEIRO.—Non, muller, non; non foi cousa diste mundo: por iso pillei medo, ¿sabes?

MANOELA.—¡Alabado sexa Deus!... Pois bota, home, bota o grauciño na moega pra que o muiño vaia moendo namentras tí contas o caso, anda.

MUIÑEIRO.—Boto, sí, boto... En canto ao percance... non coides que é de cobiza escoitar nin contalo, pois non estamos ceibes de que se nos calle o sangue nas veas e morramos repentiñamente, sin tempo nin pra nos confesar.

MANOELA.—¡San Silvestre, a vernuncio, meigas fora!... Val contando, home, val...

MUIÑEIRO.—Verás: Noutronte fun a Lalín a "Festa do Cocido"... Vou tódolos anos, ¿sabes?, porque se trata dunha festa de verdade; música por tódolos recantos da vila, artistas de tódolos xéneros, distintas i egrevias personalidades e moitas outras cousas que aledan o espritu...

MANOELA.—Xa, xa... E tamén haberá algo que alede a barriguiña, que se non...

MUIÑEIRO.—¿O qué, chascha, o qué?... Ise día en Lalín ha cadeiras, chouriços e demáis amaos do porco a rodar, a darile co zoco. E tudo o mol bon prezo, porque ise día... ningún taberneiro ropara: tanto lle da cobrar uniha peseta de menos coma cobrar catro ou cinco de máis.

MANOELA.—Boeno, alanquemos ó percance de que falabas...

MUIÑEIRO.—Como che viña contando, cando de volta da festa cheguéi ao muiño —serían moi arrentes das doce da noite— i acendín o candil pra me deitar, ¡miña filliña, o que eu vín!...

MANOELA.—¿Qué, qué viches?

MUIÑEIRO.—Ollei que por cada un dos milleiros de fios que as arañas penduraron do teito, coma se en rexas cordas se trocaran, escorregaban rioladas de homes e mulleres. Estordiguéi, craro, arregaléi ben os ollos percurando fixarme con máis atenzón na misteriosa trimbilada que estaba ollando, pero, miña amiguiña, un bafo morno e misterioso..., coma saído dos potes do inferno, batéu na miña faciana i entréi axiña nun porfundo aparvamento, quedando arrefecido coma se morto xa estivera. Dimpóis de non sei cánto tempo, cando escomencéi a sentir un chisco de mornura no meu arrefecido corpo, fun desperagando pasenfio as capelas dos meus ollos e ollei... ¡Uf, o que alí había!...

MANOELA.—¡Qué cousa arripiante, naiciña!... Se baixaron ao muiño escorregando polos fios das arañas, ben craro está que non foi cousa diste mundo. Deus esteña con nosco, noso Siñoriño querido... ¿E dimpóis?

MUIÑEIRO.—Dimpóis ollei que o muiño estaba acugulado de xentes vistidas con roupas esfiañadas e de moi variados córes, estranas i apetoutadas facianas e fracos e moi longos dedos: mesmamente semellaban calliveras enriba de outros tantos esqueletes saídos de calisquera cimiterio.

MANOELA.—¡Asús, arrenégote demo!...

MUIÑEIRO.—E vaise eu, decontadiño figuen a sinal da crus, deseque: pros botóns do meu chaleque: "Meigas fora, que Deus me acompañe." I os pantasmas aquiles, sin dúbida asañados polas verbas que en segreto eu pormunciara, ¡catapum!, arrimáronme semellante couce de besta ferrada na crus dos cadrís, que me fixo caír debruzado i encartado sóbor da moa do muiño...

MANOELA.—¡Al, Muiñeiriño, por Deus, non sei cómo aturache sin morrer pra sempre! ¡Qué cousas tí viche, malpocado!... ¿E dimpóis?

MUIÑEIRO.—Dispóis... alí me quedéi acougado e caladiño, faguéndome morto pra non receber outro couce cecáis na boca do estómago, que me deixara elvado pra sempre. I os pantasmas escomenzaron a falar dunu e doutros, sin deixar de nomear a ninguén da nosa parroquia...

MANOELA.—¿E tamén me nomearon a mín?

MUIÑEIRO.—¿E coídas que non? A tí, a Manoel, a vosa filla, a Xosé da gaita... ¡Boh!, xa che dixen que ninguén se rispóu sin bailar nas linguas dos pantasmas aquiles.

MANOELA.—Lóvate do meu consello, Muiñeiro: val correndo cabo do sinor crego pra que che veña bendiñar e desconxurar o muiño.

MUIÑEIRO.—¡Boh!, o crego é coma nós: tamén o nomearon coma a calisquera dos mortales... Xa, xa verás. Dimpóis de sostida e longa parola antre iles, repelingáronse uns nos outros pra escomicliplar a dar choutos de ledicia polo muiño adiante. Denredor de tudos iles foise formando unha pecha bréteana raposeira con moi forte cheirume a cornos quemados; e, de súpeto, con abouxante estremonia, tal ruxido se escoitóu que mesmamente semellóu que non quedara arbre na carballeira sin que de pés a cabeza esgazara. E vaise eu, sin saber cómo nin cómo non, cain ao chan pra quedar espatarrúcado coma un sapo non sei por cánto tempo. Cando despertéi, coidéi que alí me degrumaban: tudos iles, en ringuileira, foron pasando por ribs do meu corpo, pousando sóbor dos meus cadrís gúeeas de zocos coma chideiros de carros. ¡Centella!, xa farto eu de tanto troupeleo e de mirar cómo ían saíndo tudos polo burato do tarabelo da porta, erguinme do chan disposto a faguerme respetar coma home que son e boteime dacabalo dunha vella longa e fea, de roupas esfiañadas e de coor cinza;

MANOELA.—¡Ben feito, Muiñeiro, ben feito: dalle sin medo, que estóu eu eiqui!...

MUIÑEIRO.—...collina polo pescozo e, cando eu escomenzaba a sentir as gasalleiras cóxeguiñas do pracer de vela esfarangullada antre as miñas mans, vin... ¡Boh!, millor non lembrar aquilo...

MANOELA.—¿Qué, qué viche? Sigue, sigue; non te acores.

MUIÑEIRO.—¡Boh!, o que eu tiña antre as mans... era a xeste de barrer o muiño.

MORALEXA.—O inventor do conto aconsella non deitarse decontado dimpóis de comer, e menos ainda habendo estado en Lalín o día da súa "Festa do Cocido".

Galiza, 1972.

"Dalle sin medo, que estóu e u eiqui..." — (Foto Bernabé.)